


PRAIAS A CUALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO



Praias marítimas e fluviais que non cumpren os criterios esixidos de cualidade das augas para baño.

A CUALIDADE DAS AGUAS DE BAÑO

Como todos os anos a Consellaría de Sanidade ven de facer público o informe sobre a cualidade das augas das praias galegas. Estes datos refírense aos mostreos realizados no ano pasado en 247 puntos do litoral e en 66 puntos do interior (praias fluviais).

Das praias marítimas o informe cualifica de óptimas ao 70% (170 praias), 25% son boas (61 praias) e o 5% non son aptas para o baño (12 praias). Se comparamos estes datos cos de anos anteriores vemos que non se ten avanzado nada, así fai dous anos saía a mesma porcentaxe de praias non aptas, sendo case todas reincidentes na contaminación por augas residuais sen depurar.

Mais penosa é a situación das praias de río, onde só un 17% son óptimas, un 62% son boas e un 21% non son aptas para o baño. Tendo en conta que o mostreo foi realizado en 66 puntos dos nosos ríos, pode-nos isto servir para ter unha visión do lamentábel estado dos nosos cursos fluviais, contaminados polos numerosos vertidos de esgotos procedentes das cidades e vilas, así como tamén por vertidos gadeiros e industriais.

GALIZA PERDEU ESTE ANO 6 BANDEIRAS AZUIS

Este ano foron 6 menos as praias galegas ás que se lle otorgou a bandeira azul con relación ao ano pasado. Aínda que este non é un criterio obxectivo para determinar a cualidade ecolóxica das praias, o feito de que lle fora retirada a categoría a varias praias, indícanos a falta de seriedade con que os nosos gobernantes se toman as poucas iniciativas ambientais nas que participan. Con relación a isto non estaría de máis vixilar se aquelas praias ás que se lle otorgou cumpren os criterios esixidos, como pode ser a obrigatoriedade de realizar actividades de educación ambiental relacionadas co medio mariño, ou a de mostrar os resultados das análises periódicas realizadas nas augas, etc.

OS CRITERIOS DA BANDEIRA AZUL

As praias deben cumprir os requisitos marcados cun (O), e son aconsellábeis os marcados cun (A).

CUALIDADE DA AUGA E DA PRAIA

1. Debe cumprir os requisitos da Directiva da UE sobre augas de baño no relativo aos parámetros de Coliformes totais e fecais, e de Streptococos fecais. As amostras de auga deben ser quincenais durante a totalidade da estación do baño, e principiarán dentro dos primeiros 15 días. Os resultados das análises sobre a cualidade da auga deben estar colocados nun lugar público na praia, sendo actualizados periódicamente (O).

2. A área de praia non pode estar afectada por descargas de augas residuais e/ou fecais (O).

3. Existir planos para facer fronte a emerxencias causadas por accidentes con axentes contaminantes (A).

4. A praia e os seus arredores deben estar de acordo coas leis e planos urbanísticos (O).

5. Non debe ser visíbel contaminación por augas residuais ou semellantes (O).

6. Non debe ser visíbel contaminación por hidrocarburos (O).

7. Non pode acumular-se ou permanecer na praia algas ou restos vexetais (A).

EDUCACION AMBIENTAL E INFORMACION

8. Rápido aviso público se a praia, ou parte dela, se espera que esté ou está contaminada de xeito importante ou é insegura (O).

9. A información sobre lugares protexidos e especies raras ou protexidas na zona, debe ser pública e incluída na información subministrada aos turistas, excepto se a publicidade pode danar o lugar ou as especies. A información debe incluír un código de conduta (O).

10. A autoridade responsábel encarga-se de: (O)

- facer pública na praia a información actualizada sobre a cualidade da auga e da localización dos lugares de mostreo.

- colocar tan cerca como posíbel da bandeira azul os criterios necesarios para a concesión da bandeira.

- retirar a bandeira azul se algún dos criterios obrigatórios non se satisfai.


11. A autoridade responsábel deberá ser capaz de demostrar a existencia de polo menos 5 actividades educacionais relacionadas co medio ambiente costeiro (O).

12. Os regulamentos concernentes ao uso da praia, así como o código de conduta deben ser facilmente accesíbeis ao público a petición do mesmo (na casa do concello, postos de turismo, ou de primeiros auxilios, etc.) (O).

13. Centros de interpretación ambiental ou Centros de Ecoloxía ou escolas de concienciación ambiental (A).

ADMINISTRACION DA ZONA DE PRAIA E SEGURIDADE

14. Deben existir recipientes para o lixo en número axeitado, asegurados convenientemente e



regularmente vaciados, así como medios para recoller as algas e outros restos depositados na praia (O).

15. Cando sexa necesario a praia debe limpar-se diariamente (O).

16. Na praia NON (O):

- está permitido conducir (excepto vehículos autorizados).

- haberá carreiras de bicis, motos, ou coches durante a estación de baño.

- haberá vertido de lixo.

- haberá camping non autorizado.

17. O acceso á praia será seguro (O).

18. Administración de usos e usuarios en caso de conflito. Por exemplo entre a protección do medio e o seu uso recreacional. Cando exista incompatibilidade as actividades de recreo deberán estar localizadas (O).

19. Atencións hixiénico-sanitarias limpas e axeitadas, con descarga regulada das augas residuais en tanques fechados e antifiltrantes, que regularmente serán vaciados a unha alcantarilla ou nunha planta de tratamento (O).

20. Gardas salvavidas durante a estación de baño, así como provisión adecuada de equipa técnica e medios (O).

21. Primeiros auxilios claramente indicados (A).

22. Os regulamentos referidos a cans, cabalos e outros animais domésticos deben estar reforzados, controlando o acceso e as actividades dos animais baixo todas as circunstancias (O).

23. Existirá unha fonte de auga doce (A).

24. Teléfono público con fácil acceso desde a praia (A).

25. Rampas de acceso ao WC para persoas discapacitadas (A).

26. Todos os edificios e equipamentos da praia deben estar en boas condicións (O).

Tamén se terán en conta os planos para melloras ambientais e futuros proxectos de educación ambiental. ■